

Por orde do Sr. Reitor, teño a honra de convocalo á sesión ordinaria do Consello de Goberno da Universidade da Coruña

**Día:** 30 de xuño de 2009

**Hora:** 9:30 h en primeira convocatoria e 10:00 h en segunda convocatoria

**Lugar:** Sala do Consello de Goberno (2º andar da Reitoría). A Maestranza nº 9

#### ORDE DO DÍA

1. Informe do Reitor.
2. Aprobación, se proceder, da acta da sesión ordinaria do 12 de maio de 2009.
3. Contratos e convenios.
4. Normativa da dobre titulación de Grao en Dereito e Administración e Dirección de Empresas.
5. Proposta de denominación de graos por transformación de titulacións actuais.
6. Proposta de mestrados universitarios para o curso 2010-2011.
7. Prazas de profesorado.
8. Comisión de servizos.
9. Licenzas e permisos.
10. Cambio de dedicación.
11. Cambio de área.
12. Programa de Promoción para persoal docente investigador acreditado.
13. Renovación da Comisión de Igualdade.
14. Renovación das Comisións Delegadas do Consello de Goberno.
15. Resolución da impugnación dun acordo da Xunta de Escola da Escola Universitaria Politécnica.
16. Quenda aberta de intervencións.

A documentación relativa ao punto 2 está a disposición dos membros do Consello de Goberno na Secretaría dos seus respectivos Centros, na Secretaría Xeral da Universidade da Coruña e na Secretaría Técnica do Campus de Ferrol.

A documentación dos puntos 3, 4, 5, 6, 7, 8, 9, 10, 11, 13, e 15 remíteselles con esta convocatoria.

Para a renovación das Comisións Delegadas do Consello de Goberno, que figura no punto 14 da Orde do día, seguirase o procedemento establecido no artigo 20 do Regulamento do Consello de Goberno conforme ao horario que figura a continuación. A presentación da candidaturas efectuarase no formulario que se achega coa presente convocatoria.

- Presentación de candidaturas: até as 9:30 h do día 30 de xuño de 2009 na Secretaría Xeral
- Proclamacións provisionais: ás 10:00 h
- Reclamacións: até as 10:30 h
- Proclamacións definitivas: ás 11:00 h
- Votacións: ás 13:00 h
- Escrutinio e proclamación provisional de persoas candidatas electas: ás 14:00 h
- Reclamacións: até as 14:30 h
- Proclamación definitiva de persoas candidatas electas: ás 15:00 h
- 

Lémbrese aos membros do Consello de Goberno que poden estacionar os seus vehículos no patio interior da Reitoría mentres dura a sesión.

A Coruña, 24 de xuño de 2009

O secretario xeral

Xosé Manuel Carril Vázquez